



Xornada

Emisións galegas na BBC

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
21 de xuño de 2022



Ás 23:45 horas do 14 de abril de 1947 comezaba a primeira programación radiofónica estable en galego, unha xanela aberta á difusión da lingua e da cultura galegas en pleno franquismo desde a máis prestixiosa emisora do mundo, a BBC de Londres.

Os micrófonos do Galician Programme permitiron oír desde calquera aldea de Galicia colaboracións das figuras máis importantes da nosa cultura ata que en 1956 as presións do Goberno de Franco acabaron con el. O espazo emitíase, cunha duración variable, cada tres semanas dentro do Spanish Programme, alternándose cos dedicados ás culturas catalá e vasca.

“As emisións en lingua galega dende a BBC de Londres son un capítulo sobranceiro e moi significativo da estratexia do galeguismo para estar presente no espazo internacional da comunicación logo da desfeita que significou a Guerra Civil. Unha acción estratéxica desde o exilio interior, principalmente de persoas arredor de vellos militantes do Partido Galeguista que por aquelas datas estaban a configurar a Editorial Galaxia” salienta o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes.

Ao se cumpriren 75 anos do inicio desas emisións, o Consello da Cultura Galega quere reivindicar o valor daquela experiencia e render homenaxe aos seus artífices.

Programa

Sesión da mañá

10:00 horas
Inauguración

10:30 horas
Radiodifusión exterior, franquismo e Guerra Fría
Modera: **Xulio Ríos**
Margarita Ledo Andión, comunicóloga
Luis Zaragoza Fernández, xornalista de Radio Nacional de España e historiador

11:30 horas
Debate

12:00 horas
Pausa

12:30 horas
A BBC e as súas emisións exteriores
Modera: **María Xosé Porteiro**
Guy Hedgecoe, correspondente da BBC
Inma Gil Rosendo, xornalista multimedia e analista de datos e estratexia en YouTube para o departamento de Desenvolvemento Dixital do Servizo Mundial da BBC

13:30 horas
Debate

Sesión da tarde

16:30 horas
As emisións en catalán e éuscaro na BBC

Modera: **Tino Santiago**
Cinto Niqui Espinosa, doutor en Ciencias da Comunicación e director do programa “L’altra ràdio” de Radio Nacional de España
Leyre Arrieta Alberdi, doutora en Historia Contemporánea e profesora titular da Universidad de Deusto

17:30 horas
Debate

18:00 horas
Pausa

18:30 horas
As emisións en galego na BBC
Modera: **María Obelleiro**
Afonso Vazquez-Monxardín, catedrático de Lingua e Literatura Galega no Ensino Medio
Antonio Raúl de Toro, catedrático honorario de Filoloxía Inglesa na Universidade da Coruña

19:30 horas
Debate

Organiza

Comisión Técnica de Relacións Institucionais e Acción Exterior (CCG)
Consello da Cultura Galega

Coordina

Xulio Ríos

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado.
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

